



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2024/16**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, VENRES 27 DE DECEMBRO DE 2024 -**

No día de hoxe, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria Urxente do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO, Alcalde (IxM)

**ASISTEN:**

PSOE

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

**AUSENCIAS:**

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO (PSOE)

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN (IxM)

**SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.- Ratificación urxencia da convocatoria**

O Sr Alcalde explica que a urxencia ven motivada pola necesidade de abono dunhas facturas para o que tivo que esperarse á aprobación de fondos para gasto corrente da Deputación Provincial e poder facer este REC, facturas que deben abonarse antes do 31 de decembro 2024.

Intervén D Iago Toba: “Outra vez falta de diálogo, puido chamar aos concelleiros para propoñer que momento era o mellor para o pleno. Porque non o fixo?”

Contesta o Sr Alcalde: “As críticas que no seu día lle fixemos polos plenos ordinarios non teñen nada que ver con este que é urxente segundo informe dos técnicos, pois as facturas deben de ser xa aboadas. Non me interrompa, xa van varias veces que me interrompe e vou ter que mandarlle marchar. Ten vostede unha relación de facturas delas coa convocatoria e pode ou non aprobalas.”

Ante as continuas interrupcións da intervención da Alcaldía por D Iago Toba, o Sr Alcalde pídelles que



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

abandone a Sala de Sesión, o que fai todo o grupo municipal do PSOE.

Intervén seguidamente Dna Merce Barrientos: “ Sendo precisa a aprobación antes do final do exercicio e considerándoo como algo excepcional, esperando que no vindeiro ano se planifique mellor, votarei a favor.”

A continuación intervén Dna Sandra Vilela: “ Facturas pendentes de abonar hai moitas pero o diñeiro que hai é o que hai. Temos dispoñible crédito ao aprobar a Deputación Provincial. importes para gasto corrente e os técnicos aconsellan que sexan aboadas esas facturas antes do 31 de decembro.”

Sometido a asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos 5 concelleiros/as presentes , acorda ratificar a urxencia da convocatoria.

## **2.-REC 10/2024**

O Sr Alcalde expón brevemente o contido da proposta.

Intervén Dna Sandra Vilela: “ É unha mágoa que o grupo municipal PSOE non estea aquí porque me gustaría que contestase a unhas preguntas. Dende que estamos gobernando viñeron a pleno varios REC. (Fai un resume destes e dos importes pagados por decreto dende outubro). Esto quere dicir que este goberno neste período aprobou facturas por importe de 1.478.345€ que estaban sen pagar.”

Seguidamente intervén Dna Merce Barrientos: “ Hai unha factura do seguro dunha embarcación de Protección Civil por 192€, non é moi baixo este prezo?”

O Sr Alcalde contesta que é unha zodiac e que o prezo é normal.

Continúa Dna Merce Barrientos: “ Hai facturas de electricidade e espero que o novo goberno teña en conta que é preciso adoptar medidas sobre consumos, hai algunhas moi potentes, por exemplo en Ozón, Castelo e outros que son leds pero con moita potencia que os viais non requiren, deixando aparte a contaminación lumínica que producen. Debería de adoptarse un cambio no sistema de iluminación do Concello e minorar os gastos de enerxía eléctrica.”

O Sr Alcalde resposta que no proceso de licitación da FEMP para subministro eléctrico baixouse o gasto, e pouco a pouco licitaranse outras cousas igual que o SAF.”

Continúa Dna Merce Barrientos: “Gustárame presentar unha emenda pois creo que debemos de revisar o expediente. É unha factura de Dirección de obra da obra do Santuario por importe de 4029€. Queremos ter tempo para mirar o expediente e pedimos que se retire esa factura do REC.”

Consultase por teléfono coa Interventora municipal a posibilidade e implicacións desta retirada, manifestando esta : “Coa retirada desa factura dificilmente vai pagarse a factura en tempo e forma e non sei se elo implicará abono de intereses. Poderá ser aprobada e abonada no seu día con cargo ao orzamento de 2025.”



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A continuación prodúcese un receso na sesión, reuníndose fora de sala o Sr Alcalde, Dna Sandra Vilela e Dna Merce Barrientos( 12:20-12:23).

Continúa a sesión, manifestando o Sr Alcalde: “ Despois do falado e oída a interventora non haberá problema en retirar a factura mencionada do REC. Se o informe da intervención non fose favorable, retiraría a emenda?”

Dna Merce Barrientos resposta: “ Evidentemente valoraríamos cambiala”.

Intervén dna Sandra Vilela: “ Quero comentar algo sobre aforro eléctrico que e importante. Esta semana o Sr Alcalde reuniuse con técnicos e se está a traballar na posibilidade de obter subvencións para cambio de luminarias.

Quero destacar o que acaba de pasar: saímos a falar e todos teñen un espazo que respectamos”

A continuación sométese a votación a emenda que resulta aprobada por unanimidade dos cinco integrantes do Pleno, polo que este acorda aprobar a proposta de Alcaldía con dita emenda quedando o acordo adoptado segundo o exposto a continuación:

*Considerando a existencia dunha relación de facturas e compromisos para as que non existía nos orzamentos de 2022 prorrogados para o 2024 crédito para a realización deste gasto cando este se realizou.*

*Tendo en conta que o subministro e servizos aos que tales facturas se refiren están feitos,*

*Considerando a protección do principio de non enriquecemento inxusto da Admón, que podería verse afectada se estes pagos non se realizan,:*

*1-O levantamento, polos motivos expostos, do reparo da Intervención Municipal.*

*2-Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 10/2024, polo importe de 68808,26€ , recoñecendo as obrigas que se derivan del.*

*UN TOTAL DE 137 FRAS, POR IMPORTE DE 68808,26€*

Ás 12:26 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, mércores 8 de xaneiro de 2025

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Francisco Javier Sar Romero